
PREGUNTA ESCRITA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE OS PROXECTOS DE NOVA ESTRUTURA DE CPD E SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE PROVISIÓN E PROTECCIÓN AVANZADA DO CORREO ELECTRÓNICO NA NUBE, FINANCIADOS CON FONDOS NEXT GENERATION

O Concello de Santiago impulsou nos últimos meses dúas licitacións de proxectos para o seu financiamento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Fondos Next GenerationEU:

- Implantación dunha nova estrutura de CPD, cun orzamento de 371.000 euros máis IVE
- Subministración dun sistema de provisión e protección avanzada do correo electrónico na nube financiado, cun orzamento de 205.000 euros máis IVE

En canto ao primeiro deles, Implantación dunha nova estrutura de CPD, o anuncio de licitación publicouse o 19 de setembro na Plataforma de Contratación do Estado. O 28 de setembro deuse conta dun erro material no prego técnico, relativo ao equipamento a suministrar por parte da adxudicataria. O 20 de outubro, na primeira Mesa de Contratación para resolver o procedemento, os representantes da Intervención e da Asesoría Xurídica adverten que se efectuou un cambio no prego durante o prazo de presentación de ofertas que non pode considerarse simplemente a corrección dun erro material. Para analizar en profundidade as repercusións desta rectificación suspéndese a celebración da Mesa de Contratación, que volve reunirse o 3 de novembro. Nesa xuntanza, a Asesoría Xurídica e a Intervención Municipal volven considerar que a modificación efectuada no prego aprobado “*supón unha vulneración das normas do procedemento de adxudicación do contrato e que habería que retrotraer as actuacións ata o momento da súa comisión*”. A presidenta da Mesa advirte da imposibilidade de retrotraer o expediente, xa que non se podería adxudicar o contrato dentro do prazo establecido na convocatoria das subvencións europeas coas que se ía financiar o proxecto, “*que obriga a que o sistema a contratar estea subministrado e recepcionado antes do 15 de decembro de 2022*”. Por este motivo, declárase a desistencia no procedemento de adxudicación.

O acordo desa Mesa de Contratación trasladouse á Xunta de Goberno Extraordinaria celebrada o 10 de novembro de 2022, que adoptou o seguinte acordo:

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00038547F.

Desistencia do procedemento de adxudicación do contrato de Implantación dunha nova estrutura de CPD, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión

Europea – NextGenerationEU.

Acórdase:

Primeiro: Desistir, ao abeiro do disposto no artigo 152 da LCSP, do contrato de Implantación dunha nova estrutura de CPD, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Segundo: Ordenar que se notifique este acordo aos licitadores que concorreron a este procedemento de adxudicación.

Terceiro: Ordenar que deste acordo se dea conta á Comisión europea mediante a súa publicación no DOUE.

Ante a denuncia pública formulada polo grupo municipal de Compostela Aberta sobre o risco de perda dos fondos europeos asignados a este proxecto, o grupo municipal do PSOE publicou en redes sociais o documento remitido polo Ministerio de Política Territorial relativo á aceptación da solicitude de ampliación do período de execución do proxecto “Despregamento de SOC para o Concello de Santiago de Compostela” prolongando o seu prazo de execución ata o 31 de marzo de 2023.

En canto ao segundo dos proxectos, Subministración dun sistema de provisión e protección avanzada do correo electrónico na nube, o inicio de licitación foi publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 2 de setembro de 2022. O 3 de novembro celebrouse a Mesa de Contratación que ratificou a proposta de adxudicación do contrato a Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España.

Os pregos desta licitación sinalan o seguinte en canto aos prazos de execución:

7. PRAZO DE ENTREGA

Establécese un prazo máximo de entrega da solución totalmente operativa e configurado de dous meses a partir da firma do contrato. Ao estar o contrato suxeito a financiación pola convocatoria de proxectos de modernización e dixitalización no ámbito das administracións das entidades locais (convocatoria 2021), encuadrándose dentro da liña 5 para a posta en marcha dun centro de operacións de ciberseguridade, é obrigatorio que o sistema a contratar estexa sumministrado e recepcionado antes do vindeiro 15 de decembro de 2022. De xurdir causas excepcionais que impidan a finalización deste contrato antes do vindeiro 15 de decembro de 2022, a empresa adxudicataria comunicaralo de forma debidamente xustificada e por escrito aos responsables do contrato do Concello de Santiago de Compostela antes do día 1 de novembro de 2022. Este requerimento, que ten carácter ineludible, ten como finalidade cumprir o establecido no artigo 11 apartado 1 da orde TER/1204/2021 de 3 de novembro de 2021.

Por todo o anterior, María Rozas Pérez, portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago, presenta as seguintes preguntas para a súa **RESPOSTA POR ESCRITO**:

1. Sobre o contrato para a Implantación dunha nova estrutura de CPD:

- **Cando se prevé o reinicio da licitación do contrato?**
- **O procedemento de adxudicación finalmente desistido comezara o 19 de setembro e non se resolveu ata o 3 de novembro. Tendo en conta estes prazos, e que o Prego de Condicións establece un prazo de dous meses para a execución dos traballos, pode garantir o Goberno que a xustificación do gasto estará**

realizada a 31 de marzo, cumprindo os novos requisitos do Ministerio de Política Territorial para acceder aos fondos europeos Next Generation?

2. Sobre o contrato para a Subministración dun sistema de provisión e protección avanzada do correo electrónico na nube:
- A Mesa de Contratación realizou a proposta de adxudicación o 3 de novembro, e o prazo máximo para a entrega do proxecto é de dous meses. De esgotarse este prazo, incumprirase o requisito fixado para acceder aos fondos europeos, isto é, que o sistema estea recepcionado antes do 15 de decembro de 2022. Ten tramitada o Goberno algunha prórroga ao respecto?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2022


Maria Rozas Pérez



Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta